

ACTA DA ASAMBLEA XERAL

Na Casa Consistorial da Casa do Concello de Cangas, sendo ás 15:45 horas do **sábado 13 de decembro de 2025**, reúnese a Asamblea Xeral da Federación Galega de Orientación (Fegado) en sesión ordinaria, de acordo coa orde do día previamente establecida e comunicado, quedando debidamente constituída en segunda convocatoria coa presenza de 7 dos seus 33 membros, todos eles representados en tempo e forma:

1.- POLO ESTAMENTO DE CLUBS (8 de 23):

	Presente	Ausente
Vizhoja-Cornelios (As Neves) > Diego Fernández Sánchez	X	
CDM Xesteiras (Pontevedra)		X
Club Orientación Compás (Lugo) > Francisco Varela Lorenzo	X	
A.D.C. Arnela (Porto do Son) > Javier Antoñón Clemente	X	
Gallaecia Raid (A Coruña) > Claudia Oreiro Chapela	X	
S.M. Ártabros (A Coruña) > Jorge Piñeiro Portela	X	
Fluvial de Lugo (Lugo)		X
Peña Trevinca-Barco (O Barco de Valdeorras)		X
A.D. A Forna-BudiñoRaid (O Porriño)		X
Aromón Pontevedra (Pontevedra) > Pelayo García Acevedo	X	
Universidade de Vigo (Vigo) > José Luís Armada Luaces	X	
VigoOrienta (Vigo)		X
A.D.C Monte Breamo (Pontedeume)		X
Brigantia Aventura (A Coruña)		X
Club de Orientación Coruña (A Coruña)		X
Club Montaña Ferrol (Ferrol)		X
Club O Pasatempo (Betanzos) > David Casado Bravo	X	
Club Orientación Liceo de A Coruña (A Coruña)		X

Club SEO (Ordes)		X
Club USC (Santiago de Compostela)		X
Club Vichelas (Guitiriz)		X
Club Objetivo Trail (Pontevedra)		X
A.D. Limioactiva (Xinzo de Limia)		X

2.- POLO ESTAMENTO DE ORIENTADORES (2 de 7):

	Presente	Ausente
Lucía Parga Basanta	X	
Borja Varela Paz		X
Laura Garrido Martínez		X
Enrique Luis Álvarez Estévez	X	
Yolanda García González		X
David Lareo Martínez		X
Victoria López Permuy		X

3.- POLO ESTAMENTO DE TÉCNICOS/ADESTRADORES (2 de 2):

	Presente	Ausente
Ángel Álvarez Serto	X	
Teresa Bellón Santos	X	

4.- POLO ESTAMENTO DE XUÍCES/CONTROLADORES (1 de 2):

	Presente	Ausente
Pablo A. Aller Estévez	X	
Candela Puime López		X

ORDE DO DÍA

1º.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da Asamblea Xeral Extraordinaria do 05/06/2025 e da Asamblea Xeral Ordinaria do 14/06/2025. .

Toma a palabra a presidenta da Fegado para dar a benvida e agradecer a presenza das persoas asistentes.
Acto seguido procédese á votación da Asamblea Xeral Extraordinaria do 05/06/2025 e da Asamblea Xeral Ordinaria do 14/06/2025 sendo aprobada por unanimidade (14 votos a favor).

2º.- Memoria 2025.

Toma a palabra a Presidenta para informar de que xa foi remitida á SXT a memoria correspondente ao ano 2025, na que se recollen as carreiras celebradas, os resultados da tempada, así como as diferentes probas de relevancia realizadas na nosa comunidade, tales como o CESA, o CECEO, entre outras.

3º.- Liquidación do presuposto anual 2025.

Intervén o Tesoureiro da FEGADO para explicar a liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2025. Informa da existencia dun superávit aproximado de 12.000 euros, o cal resulta necesario investir. Indica que dita inversión se destinará ao apoio mediante axudas económicas a nenos e nenas corredores/as participantes nos programas nacionais de tecnificación deportiva, á adquisición de material técnico para a FEGADO (arcos de meta, baterías para o inflado dos devanditos arcos, etc.) e á adquisición de equipacións para entregar aos tres gañadores de cada categoría da Liga Galega da tempada 2025. Realízase a correspondente votación, sendo a proposta aprobada por unanimidade.”

4º.- Aprobación do presuposto 2026.

Intervén o Tesoureiro para explicar o orzamento correspondente á tempada 2026, indicando que se trata dun orzamento continuista respecto ao da tempada anterior, cun importe total de 53.000 euros. Realízase a correspondente votación, sendo aprobado por unanimidade.

5º.- Presentación do proxecto deportivo 2026.

Intervén o Director Técnico da FEGADO, Jorge Piñeiro, para presentar o proxecto deportivo correspondente á tempada 2026 .

6º.- Aprobación do calendario de probas e eventos 2026.

Intervén Francisco Varela Lorenzo, como responsable do calendario de probas da FEGADO, para explicar a proposta de calendario existente ata o momento. A continuación, interveñen os voceiros de diferentes clubs para propoñer a incorporación de novas probas a dito borrador, así como para determinar os distintos Campionatos Galegos.

Intervén David Casado para manifestar o seu malestar pola decisión adoptada pola Asemblea Xeral celebrada en decembro de 2024, a cal lle impediu organizar unha proba de orientación no mes de xaneiro de 2025. Considera que a redacción da acta non é correcta, ao entender que a expresión “nin a FEDO nin a FEGADO teñan tempo suficiente para xestionar as licenzas das persoas” non se axusta á realidade.

Respóndelle a Presidenta da FEGADO indicando que a Asemblea Xeral dese momento adoptou a devandita decisión baixo un criterio concreto, lembrándolle igualmente que o Club O Pasatempo non asistiu a aquela Asemblea para defender a súa proposta de proba.

A continuación, propónse que o calendario inclúa unha serie de datas reservadas, co obxectivo de que, ao longo da tempada, aqueles clubs que así o desexen poidan incorporar novas probas dentro deses ocós. Neste caso, a Asemblea Xeral delega na Xunta Directiva da FEGADO a aprobación destas novas probas, sen necesidade de convocar unha nova Asemblea Xeral.

Realízase a votación da proposta de calendario coas enmendas realizadas, sendo aprobado por unanimidade.

Unha vez rematada a votación, ábrese un debate co obxectivo de fixar as carreiras oficiais en todos os meses da tempada. Realízase a correspondente votación, sendo a proposta aprobada con 13 votos a favor e un voto en contra de Pablo Aller Estévez.

A continuación, o Club O Pasatempo solicita a incorporación dunha proba de orientación a pé de distancia media para o día 10/01/2025 en horario de tarde. Realízase a votación, sendo a proposta aprobada con 12 votos a favor, un voto en contra (Pablo Aller Estévez) e unha abstención (Ángel Álvarez Serto).

Finalmente, o mesmo club solicita incorporar unha proba de Rogaining nocturna o día 10/01/2025, coa finalidade de incorporala á Liga de Rogaining. Realízase a votación correspondente, sendo a proposta aprobada con 11 votos a favor e 3 abstencións (Sónia Gómez Naya, Claudia Oreiro Chapela e Ángel Álvarez Serto).

7º.- Modificación e aprobación, se procede, da adaptación a esixencia de medios sanitarios aos riscos propios das distintas especialidades dentro da modalidade de orientación.

Intervén Jorge Piñeiro para presentar a proposta levada previamente á Asemblea Xeral Técnica, co obxectivo de adaptar a esixencia de medios sanitarios —incorporando este novo termo— aos riscos propios das distintas especialidades dentro da modalidade de orientación. Neste sentido, propón modificar o parágrafo 26.9 do Regulamento de Orientación (O-Pé, MTBO e Trail-O), no que se establece: ‘Haberá ambulancia e persoal sanitario á disposición da organización, que deberá estar equipado para actuar’, para substituílo polo seguinte texto: ‘26.9 A organización deberá dispoñer de medios sanitarios adecuados e proporcionais ao risco da actividade, en función das súas características, número de participantes e natureza. Ditos medios poderán ser básicos (botiquín e/ou persoal con formación en primeiros auxilios) cando o risco sexa baixo, ou avanzados (ambulancia e persoal sanitario equipado para actuar) cando o risco sexa maior.

Tras o correspondente debate, acórdase manter a redacción vixente ata o momento. Non obstante, apróbase por unanimidade que o custo da ambulancia nas probas de Trail-O sexa asumido pola FEGADO

8º.- Rogos e preguntas.

Toma a palabra a Presidenta da FEGADO para propoñer que na vindeira Asemblea se inclúa na orde do día un punto relacionado co cambio de nomenclatura das probas, co obxectivo de diferenciar as probas oficiais das probas de promoción (ata o de agora denominadas non oficiais).

Intervén Jorge Piñeiro para propoñer que desde FEGADO se forme un grupo de traballo co fin de axudar aos clubs na organización de probas, co obxectivo de incrementar o número de probas no calendario da tempada.

Toma a palabra Ángel García Serto para realizar unha reflexión, indicando que considera que a FEGADO é unha das poucas federacións autonómicas que establece o seu calendario de probas tendo en conta a Liga da FEDO, o que pode implicar diversos condicionantes nas mesmas.

Intervén Francisco Varela para propoñer que en Galicia se cree unha proba tipo Galicia O-Meeting, que se converta nunha proba de referencia a nivel nacional e que, cada tempada, poida ser organizada por un club diferente que desexe facelo.

Volve intervir Jorge Piñeiro para sinalar que os clubs e persoas que organizan probas non puntúan no ranking e que se debería valorar a posibilidade de establecer un sistema de bonus para eses clubs. Engade que tamén se están a detectar cambios de categorías das persoas deportistas durante a tempada, algo que é máis habitual no tramo final e esta situación está a afectar ao ranking. Esta situación é algo que permiten as Normas Anuais actuais, polo que poderían ser reformuladas nun futuro a través de propostas concretas na Asamblea Técnica.

Finalmente, toma a palabra David Casado para propoñer que se iguallen as normativas da FEGADO e da FEDO, de xeito que todos os corredores poidan participar en todas as probas sen que exista un límite de idade.

E sen máis asuntos que tratar, dase por concluída a reunión da Asamblea Xeral, co agradecemento da presidenta a todos e todas os/as presentes, sendo as 18:53 horas do mesmo día 13 de decembro de 2025.

O secretario da Federación
Roberto Amarelle Garabán

VºBº A Presidenta
Sonia Gómez Naya